



Guía Docente			
Datos Identificativos			2024/25
Asignatura (*)	Microbiología e biotecnología ambiental	Código	610G02018
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa
Idioma	Castelán		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Bioloxía		
Coordinación	Cid Blanco, Angeles	Correo electrónico	angeles.cid@udc.es
Profesorado	Cid Blanco, Angeles Polo Montero, David Poza Domínguez, Margarita	Correo electrónico	angeles.cid@udc.es david.polo.montero@udc.es margarita.poza.dominguez@correo.udc.es
Web			
Descripción xeral	Comprender o papel que desenvolven os microorganismos nos ecosistemas, a resultas das suas capacidades metabólicas e dos seus patróns de comportamento. A partires deste coñecemento previo, farase unha aproximación a cómo se poden empregar as devanditas capacidades microbianas para o beneficio da sociedade.		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Coñecer o papel dos microorganismos nos ambientes naturais, e cómo se integran as súas capacidades metabólicas nos fluxos de enerxía e de materiais dos ecosistemas		A1 B2 A2 B3 A4 B4 A13 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12
Aplicar as capacidades metabólicas dos microorganismos e de relación con outros organismos (fundamentalmente animais e plantas) na solución de problemas ambientais e outros procesos socialmente relevantes		A2 B2 A4 B3 A9 B4 A13 B5 A14 B6 A15 B7 A26 B8 A30 B9 A31 B10 B11 B12



Contidos	
Temas	Subtemas
INTRODUCCIÓN Á MATERIA	-Microbiología Ambiental: desenvolvemento histórico
COMPORTAMENTO MICROBIANO	-Comportamento celular e ambiente -Comportamento cooperativo microbiano
METABOLISMO MICROBIANO E CICLOS BIOXEOQUÍMICOS	-Actividade microbiana no ciclo do carbono -Actividade microbiana nos ciclos do nitróxeno e o xofre -Conversións microbianas de outros elementos
INTERACCIÓN MICROBIANAS	-Interaccións microorganismo-planta -Interaccións non patóxenas microorganismo-animal
BIODEGRADACIÓN, RECICLAXE E BIOTECNOLOXÍA AMBIENTAL	-Extremófilos -Biodeterioro microbiano -Depuración, tratamento e control das augas -Tratamento de residuos sólidos urbáns -Biorremediación -Control microbiológico de pragas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1	21	63	84
Seminario	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B12	5	25	30
Prácticas de laboratorio	A2 A4 A9 A13 A14 A15 A26 A30 A31 B4 B5 B7	14	7	21
Presentación oral	B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B11	2	4	6
Proba mixta	A1 B6 B7 B8	3	0	3
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición polo profesor das bases teóricas da materia
Seminario	Para as clases en grupos reducidos de esta materia, aplicarase a metodoxía ABP (Aprendizaxe Baseado en Proxectos), no que se traballará sobre contidos teórico-prácticos relacionados cos contidos da materia.
Prácticas de laboratorio	As prácticas no laboratorio son de obrigada asistencia. Nelas abordaranse, dende un punto de vista experimental, algúns aspectos do temario da asignatura.
Presentación oral	Os alumnos elaborarán unha presentación oral (10-15 minutos) para expoñer aos compañeiros os resultados obtidos no traballo de tipo ABP. As pautas para esta presentación determinarase ao longo dos seminarios da materia. Para estas exposicións orais, resérvanse as 2 últimas horas adicadas a grupos reducidos no calendario académico.
Proba mixta	Proba escrita na que se poñerá en valor o grao de coñecemento e de comprensión que alcanzou o alumno.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción



Seminario	Atenderanse as necesidades e as consultas do alumno relativas á materia ao longo de todo o período lectivo, dándolle a orientación e o apoio que fosen necesarios, tanto de forma presencial como non presencial.
Prácticas de laboratorio	Dentro da atención personalizada pódense incluir as tutorías personalizadas que solicite o alumno para a preparación dos exames, como a posterior revisión dos mesmos, a preparación dos traballos de seminario e a presentación oral prevista na materia.
Presentación oral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba mixta	A1 B6 B7 B8	Proba(s) escrita(s) sobre os coñecementos adquiridos nas sesión maxistrais.	60
Sesión maxistral	A1	Avalíase pola proba mixta	0
Seminario	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B12	O alumno elaborará de xeito obrigatorio, un traballo baseado na crítica razoada de traballos de investigación que sustenten o plan de traballo que dé resposta ao proxecto plantexado ao inicio dos seminarios. Valorarase a capacidade crítica e de síntese.	15
Prácticas de laboratorio	A2 A4 A9 A13 A14 A15 A26 A30 A31 B4 B5 B7	O alumno está obrigado a facer as prácticas no laboratorio nas datas indicadas para o curso. Ademais de unha evaluación continua do alumno, tamén se fará un exame tipo test para avaliar o grao de coñecemento alcanzado.	15
Presentación oral	B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B11	Ao remate dos seminarios e de xeito obrigatorio, o alumno presentará no aula os resultados acadados nas súas pesquisas sobre o proxecto proposto nos seminarios. Valorarase a fluidez na lenguaxe científica na exposición oral e nas preguntas que se plantexen ao finalizar a exposición.	10

Observacións avaliación
É obligatorio a asistencia as prácticas de laboratorio para poder ser avaliado, e tamén ter entregado e/ou presentado en tempo e forma aquelas tarefas establecidas como obligatorias xa arriba indicadas. A non realización das prácticas impide a superación da materia, polo que aqueles alumnos que non as realicen non poden presentarse a exame (proba mixta).
Para computar na cualificación final o valor obtido nos apartados de seminarios, prácticas ou presentación oral, o alumno terá que ter superado a proba mixta, correspondente á teoría da materia.
No caso de non superar a materia na primeira opción, na segunda oportunidade deberán ser superadas cada unha das partes non aprobadas.
No caso de circunstancias moi excepcionais, obxetivables e adequadamente xustificadas, o Profesor Responsable poderá eximir total ou parcialmente ao alumno en que concorran dalgún proceso de avaliación. Devandito alumno habería de someterse a un exame particular que non deixará dúbidas sobre o seu nivel de coñecementos, competencias, habilidades e destrezas.
Para que un alumno sexa considerado como NON PRESENTADO non deberá terse presentado á proba mixta.
Baseándose na avaliación continua poderá valorarse especificamente a progresión do alumno ao longo de todo o cuatrimestre cun máximo dun punto.
Excepcionalmente, no caso de que o estudiante, por razóns xustificadas (estudiantes con adicación a tempo parcial ou circunstancias específicas de aprendizaxe e apoio á diversidade), non puidera realizar todas as probas de avaliación continua, o profesor adoptará as medidas que estime convintes para non prexudicar a súa cualificación.
Se o número de Matrículas de Honra que poden concederse se esgota na primera opción, non se otorgará ningunha na segunda oportunidade, aínda cando se alcance a máxima puntuación.
No caso de realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, aplicarase a normativa vixente na UDC.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Madigan, Martinko, Bender, Buckley y Stahl (2015). Brock Biología de los microorganismos. 14ª edición. Pearson Educación- Castillo y colaboradores (2005). Biotecnología ambiental. Editorial Tébar- Marín, Sanz y Amils (2014). Biotecnología y medioambiente. 2ª edición. Editorial Ephemera- Willey, Sherwood y Woolverton (2009). Microbiología de Prescott, Harley y Klein. 7ª ed.. McGraw-Hill- Martín y colaboradores (2019). Microbiología Esencial. Editorial Panamericana <p>
</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- http://microbewiki.kenyon.edu/index.php/MicrobeWiki () . .- Pepper, Gerba y Gentry (2015). Environmental Microbiology, 3rd edition. Academic Press- Winans y Bassler (2008). Chemical Communication among Bacteria. ASM Press- Allsopp, Seal y Gaylarde (2005). Introducción al biodeterioro. Editorial Acribia <p>
</p>

Recomendacións	
Materias que se recomienda ter cursado previamente	
Bioquímica I/610G02011	
Bioquímica II/610G02012	
Microbioloxía/610G02015	
Microbioloxía aplicada e control microbiolóxico/610G02016	
Técnicas en Microbioloxía/610G02017	
Materias que se recomienda cursar simultaneamente	
Materias que continúan o temario	
Observacións	
As presentacións de clase que se poñen ao dispor do alumno no Campus Virtual son só unha guía para o estudo dos temas pero, en ningún caso, constitúen o contido total dos mesmos.	
Programa Green Campus Facultade de Ciencias	
Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumplir co punto 6 da "Declaración Ambiental da Facultade de Ciencias (2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:	
a. Solicitaranse maioritariamente en formato virtual e soporte informático.	
b. De realizarse en papel:	
Non se emplegarán plásticos. Realizaranse impresións a dobre cara.	
Empregarase papel reciclado.	
Evitarase a realización de borradores.	

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías